

Acta da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 23 de febreiro de 2023

Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 23/02/2023
- II. Asistentes á CGIC do 23/02/2023
- III. Rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 3 de febreiro de 2023.**

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

2. **Informe do Coordinador**

O Coordinador de calidade comenta as principais incidencias dende a sesión anterior:

➤ **Comunicacións da Área de Calidade**

- ✓ 13 febreiro. Inicio da realización das **enquisas de satisfacción (ES)** coas titulacións oficiais no **curso 22-23**.
 - **ES do alumnado:** a través da secretaría virtual, con prazo ata o 30 de maio; vai dirixida ao estudantado de grao que se matricula por 1ª vez no 3º curso e ao estudantado de máster que se matricula por 1ª vez no 2º curso.
 - **ES das persoas tituladas:** mediante a aplicación *Limesurvey* que xestiona a Área de Calidade, con prazo ata o 30 de maio; vai dirixida ao estudantado que finalizou os seus estudos no curso 21-22.
 - **ES do profesorado:** a través da secretaría virtual, con prazo ata o 30 de xuño.
- ✓ 23 febreiro. Datos provisionais de participación na **Enquisa de satisfacción do Alumnado sobre o desenvolvemento do TFG/TFM na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:**
 - Alumnado egresado no curso 2021/2022: 24% (8/34)



- GERME 14% (1/7)
 - GEE 29% (6/21)
 - MUEM 17% (1/6)
 - O prazo da enquisa remata o 28 de febreiro. Decidiuse amplialo ata o 10 de marzo e enviar un recordatorio para intentar aumentar a participación.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas / Publicacións no Portal de Transparencia**
- ✓ 8 febreiro. Publicación no Portal de Transparencia de varios indicadores e taxas e unha recompilación dos indicadores dispoñibles no portal para a elaboración do IRPD do curso 2021/2022.
- **Visita dos paneis da ENAAE e a ANECA en relación ao selo EUR-ACE do MUEM**
- ✓ 3-9 febreiro. Xestión da visita: axenda definitiva, relación de asistentes a cada sesión, xestión a sala e da visita ás instalacións.
 - ✓ 14 febreiro. Visita dos paneis e dunha representación institucional da ANECA. En representación da Universidade participaron a Vicerreitora de Internacionalización, dona Maribel del Pozo Treviño, o Director da Área de Calidade, don Joaquín Collazo Rodríguez, e a Técnica de Calidade, dona Raquel Gandón Chapela. En representación do centro e do máster participaron a Directora, dona Elena Alonso Prieto, os membros do equipo directivo, diversos colaboradores e profesorado do máster. Tras unhas sesións de presentación da Universidade, do Centro e do Máster, co seu correspondente debate, levouse a cabo unha visita guiada ás instalacións da Escola. Na sesión de peche e despedida o panel da ANECA sinalou que a impresión foi moi boa e que nas próximas datas a axencia achegará o informe provisional.
- **ESPAZOS MOOVI (INFO/PAT e COOR/PROF)**
- ✓ 6 febreiro. Solicitude aos responsables de Moovi da actualización dos participantes nos espazos (incorporación do novo estudiantado e das novas incorporacións de profesorado).
 - ✓ 7-9 febreiro. Última revisión das **preguntas frecuentes** e preparación das versións para alumnado dos graos e alumnado do máster. Proximamente publicaranse nos espazos INFO dos graos. Agradécese a Mayka Romo a colaboración prestada tanto na elaboración como na revisión das preguntas.
- **R1-DE01 P1 - Programa de desenvolvemento estratéxico do Centro**
- ✓ Sinálase que xa se concretaron os representantes do alumnado que faltaban na Comisión de elaboración:
 - Javier Dopico Alfonsín (GERME)
 - Carmen Alonso Pérez (GEE)
- **Rexistros na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**
- ✓ **R1-PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais) (30/12/22)**
 - Informes EAD 21/22 por titulacións.

- Os resultados das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2021/2022, agregados por titulacións, foron publicados a primeira semana de febreiro de 2023 pero os cálculos da columna "Global" semellan ter erros.
- Fíxose unha consulta á Área de Calidade, que trasladou a incidencia á UAP e agora os servizos informáticos están a revisar os informes. Á espera desta revisión, adíuse o peche do SGIC 21/22 ata o mes de marzo.

➤ **Registros na plataforma do SGIC - Curso 2022-2023**

✓ **R3- PE02 P1 - Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas (31/12/22)**

- Proximamente achegarase un e-mail ao profesorado do centro pedindo a comunicación de necesidades.

3. Aprobación, se procede, do rexistro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.

A Presidenta sinala que se trata dun rexistro relativo á distribución de créditos do orzamento correspondente ao ano 2023. Aclara que o documento (Anexo III) foi elaborado por Francisco Deive, Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, en colaboración con Ana Cacheiro, Administradora de ámbito.

Cede a palabra a Francisco Deive, quen comenta brevemente os principais apartados e sinala que se manteñen os criterios de distribución do ano anterior. Sinala que a principal diferenza respecto ao ano pasado radica na redución de 3000€ da partida de subministracións docentes para compensar a supresión por parte da Vicerreitoría da partida de apoio ao persoal de administración e servizos. A Directora sinala que vai ter unha reunión cos outros directores do ámbito tecnolóxico e co vicerreitor para tratar este tema polo que podería haber cambios neste axuste.

Elena González pregunta polo equipamento docente; sinala que se foi actualizando o equipamento dalgúns laboratorios e pregunta polos que quedan pendentes. Fran Deive responde que só queda por actualizar o LM213, que ten moitos equipos e un custo mínimo duns 20000€; a idea é renovar este curso na medida que sexa posible.

Apróbase a proposta por asentimento.

A Presidenta agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento.

4. Rogos e Preguntas.

Non hai.



Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de febreiro de dous mil vinte e tres.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 23/02/2023



ANEXO II

Asistentes á CGIC do 23/02/2023



Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 23 de febreiro de 2023	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M ^ª Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Generosa Fernández Manín	Enlace Igualdade



ANEXO III

**Registro R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos do
procedemento IA01 Xestión de recursos materiais e servizos.**